



SORTEO MERCAMESÍA 2020

De conformidade coa base 5 e seguintes das que regulan a convocatoria “MERCAMESÍA 2020”, para subvencionar a emisión de vales de compra co motivo de fomentar a actividade comercial no concello de Mesía, pola presente infórmase do seguinte:

PRIMEIRO.- A extracción de boletos ganadores realizarase en sorteo público ás 12:00 horas do 8 de xaneiro.

SEGUNDO.- A composición da comisión do sorteo é a seguinte:

- Presidenta: a concelleira de educación, cultura, igualdade e xuventude, 1º tenente de alcalde, Dª Pilar Sánchez Ulloa.
- Vogal: a monitora de tempo libre, Dª Laura Pérez Vidal.
- Secretario: o do concello, D Eladio Bendaña Pardo.

TERCEIRO: A celebración do sorteo será no salón de plenos da Casa Consistorial, sendo o público admitido por orde de chegada ata un máximo de dez persoas, que completaría o aforo da sala de acordo coa normativa de distanciamento motivada polo Covid-19.

CUARTO: O sorteo comezará co depósito dos boletos participantes nun recipiente para proceder á súa posterior mestura. A continuación extraeranse ao azar 30 boletos, que serán os premiados. Ademais, extraeranse outros 30 boletos adicionais de reserva. Os boletos agraciados publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal <http://www.concellodemesia.gal/>.

QUINTO: As 30 persoas gañadoras teñen de prazo ata o 15 de xaneiro para presentarse na Casa do Concello de Mesía a recoller o correspondente vale de 100,00€. Finalizado o prazo de recollida dos vales, os agraciados que non se presenten perderán o seu dereito ao correspondente vale, que será adjudicado por orde aos números adicionais de reserva. Estes novos boletos agraciados publicaranse na páxina web municipal, indicándose os boletos non reclamados e os novos agraciados, que deberán retirar o vale no prazo de 10 días hábiles.

En Mesía, á data da sinatura electrónica.
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.